CONCELLO DE BERGONDO
Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

ACTA DO SORTEO PÚBLICO PROGRAMA CAMPAMENTOS DEPORTIVO VERÁN 2023 DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

ASUNTO: SORTEO CAMPAMENTO DEPORTIVO VERÁN 2023 DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

EXPEDIENTE: 2023/D002/000008

Na Sala de Sesións da Casa do Concello de Bergondo, sendo as once e dez minutos da mañá, do día trece de xuño dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia da alcaldesa do Concello de Bergondo, dona Alejandra Pérez Máquez, asistida: pola traballadora do servizo de cultura e deportes, dona Josefina Maestu Almeida e pola secretaria xeral do Concello, dona Ana María Cacharrón Castelos, xúntanse en acto público co obxecto de levar a cabo o sorteo en orde á adxudicación das prazas concedidas ao Concello de Bergondo, pola Deputación Provincial da Coruña, para o programa *Campamentos Deportivos verán 2023*, que ascenden a cinco (3) prazas.

Principia o acto dando lectura ao escrito remitido pola Deputación Provincial da Coruña polo que se informa da convocatoria do Programa *Campamentos Deportivos verán 2023* e se comunica que ao Concello de Bergondo, nos adxudican tres (3) prazas.

No expediente deste programa, constan dous informes:

- Un informe da traballadora deste concello responsable da tramitación deste expediente, dona Josefina Maestu Almeida, onde se indica que o prazo para presentar estas solicitudes rematou o pasado **7 de xuño** tal e como consta no tríptico deste programa da Deputación da Coruña. Que as solicitudes presentadas no rexistro xeral de entrada neste Concello, están correctamente presentadas, dentro do prazo previsto, e cumpren cos requisitos de idade establecidos: nados entre o **día 1 de xaneiro de 2009 e 31 de decembro de 2014).** Houbo 6 solicitudes das cales, unha persoa solicitante participou neste programa en ano anterior.

Se informa que estas solicitudes foron numeradas do 1 ao 6, pola orde da súa presentación no Rexistro Xeral de Entrada neste concello. A continuación consta unha táboa coas solicitudes presentadas referentes a este programa e se asistiron ou non anos anteriores aos Campamentos Deportivos da Deputación.

Nº	NOME	DATA NAC.	N.º rexistro	Data de rexistro	Asistiu anos anteriores
1	CPA	15/11/2013	202300000000694	12/05/2023	Non
2	AGL	07/04/2012	202390000000438 202390000000443	18/05/2023 19/05/2023	Non
3	PLR	09/10/2012	202399900002010 202399900002031	21/05/2023 22/05/2023	Asistiu no ano 2022
4	BMER	30/09/2014	202399900002024	22/05/2023	Non
5	APN	3/04/2010	202399900002077	25/05/2023	Non
6	IPM	31/05/2023	202300000000839	31/05/2010	Non

Teñen preferencia os/as solicitantes empadroados e os que non participaron en anos anteriores. Hai 6 solicitantes, todos están empadroados e solo 1 participou en anos anteriores,

De seguido explica a secretaria o sistema polo que se vai levar a cabo o sorteo público:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público).

A realización do sorteo público, será da seguinte forma: se introducirán 5 bolas cos números do 1, 2, 4, 5 e 6, nunha bolsa e se procederá á súa extracción, o número 3 correspóndelle a Pablo Ledo Rodríguez, que pasa a último da listaxe de reserva porque xa participou no ano 2022. Tal como consta no tríptico deste programa da Deputación da Coruña, terán preferencia, os rapaces empadroados no Concello de Bergondo e os rapaces que non participasen no campamento deportivo en edicións anteriores.

En primeiro lugar sacaranse tres números, correspondentes ás tres prazas titulares que dan dereito á participación no programa Campamentos deportivos de verán 2023; deseguido, procederase a extraer os restantes números ata completar os 5, en orde para a elaboración dunha lista de suplentes, quenes substituirán pola súa orde as posibles vacantes que se produzan nos titulares ou, no seu caso, as prazas que poida ampliar a Deputación Provincial.

O resultado é o seguinte:

SOLICITANTES TITULARES:

N.º DE ORDE	NOME E APELIDOS
5	APN
4	BMER
2	AGL

SOLICITANTES SUPLENTES pola seguinte orde:

N.º DE ORDE	NOME E APELIDOS
6	IPM
1	CPA
3	PLR

Quedan unidas ao expediente as solicitudes presentadas. Dáse por terminada a sesión ás once e media.

E para constancia do tratado levanto a presente acta que eu a secretaria, tras a súa lectura, someto á sinatura da alcaldesa-presidenta en funcións; dou fe.

A alcaldesa en funcións

Alejandra Pérez Máquez

A secretaria

Ana María Cacharrón Castelos

Vogal
Josefina Maestu Almeida

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público).